

*Guest article*

# *Migrant Shores:* en prol dunha ecoloxía da atención e da tradución

**Manuela Palacios**

Universidade de Santiago de Compostela

*Keywords*

Migration  
Woman  
Translation  
Ecology  
Poetry  
Galicia  
Ireland  
Morocco

*Palabras clave*

Migración  
Muller  
Tradución  
Ecoloxía  
Poesía  
Galicia  
Irlanda  
Marrocos

*Abstract*

This essay aims to bring to light the resources used in the process of translation undertaken for the anthology *Migrant Shores. Irish, Moroccan & Galician Poetry* (Palacios 2017) so as to advance an ecology of attention and engage in the political ecology of translation (Cronin 2017). The *Migrant Shores* project is framed here within the ecological principles of biological-cultural diversity, relative autonomy and heterarchical relations. The essay advocates taking control, from the periphery, over what will be translated, how and when. Furthermore, it delves into the interconnections between migration, woman and translation. The argument urges for an understanding of translation as a process that is open to intervention, re-creation and dialogue, as an approach to the Other with due respect to their difference, and as an opportunity to put a dominant language in the service of subaltern cultures. Finally, the essay lays bare some of the misgivings, prejudices, taboos and deficits that hinder today's translation practice.

*Resumo*

O obxectivo deste ensaio consiste en expoñer os recursos empregados no proceso de tradución da antoloxía *Migrant Shores. Irish, Moroccan & Galician Poetry* (Palacios 2017) co fin de promover unha ecoloxía da atención e participar nunha política ecolóxica da tradución (Cronin 2017). Preséntase

Migrant Shores: *en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

este proxecto no marco dos principios ecoloxistas de diversidade biolóxico-cultural, autonomía relativa e relacións heterárquicas. Deféndese o control, desde a periferia, sobre que traducir, cando traducir e como traducir, e afóndase na complexidade, os anhelos e os límites no encontro coa outredade a través da tradución. Indágase, así mesmo, nas relacións entre migración, muller e tradución. Proponse unha concepción da tradución como proceso aberto á intervención, a re-creación e o diálogo, como achegamento á outredade respectando a súa diferenza e como oportunidade para poñer unha lingua dominante ao servizo de culturas subalternas. Desvélanse, finalmente, algúns dos receos, prexuizos, tabús e penurias que empecen a práctica da tradución na actualidade.

Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución  
Manuela Palacios

1

Este ensaio foi elaborado no marco dos proxectos de investigación 'Ex-sistere', 'Eco-ficcións' e 'O tropo animal' (FFI2012-35872, FEM2015-66937-P E PGC2018-093545-B-I00 respectivamente) financiados polo MCIU / AEI / FEDER, EU. Desexo agradecer de modo especial a lectura atenta, a revisión esmerada e o asesoramento teórico fornecidos polas editoras deste número, Olga Castro e Laura Linares.

2

Esta estadía de investigación foi financiada por unha bolsa EMMAG (Erasmus Mundus, UE) xestionada pola que era entón a Université Pierre et Marie Curie de París (Francia).

6

Gustaríame referirme a *Migrant Shores. Irish, Moroccan & Galician Poetry* (Palacios 2017) como un *proxecto*, e non meramente como unha *antoloxía* de poesía.<sup>1</sup> Como editora desta escolma, son ben consciente do proceso delongado desde o momento no que nace a idea ata que se publica o libro. Sei que a publicación non remata o labor, porque a continuación comeza unha andaina de difusión, recepción e reflexión que inclúe oportunidades como a que aquí me brindan Olga Castro e Laura Linares, as editoras deste número especial para a revista *Galicia 21*. Se o termo *antoloxía* denota un arte-

facto fixo, autónomo e pechado, a palabra *proxecto* suxire un traballo en marcha e de lindes flexibles, aínda que tamén connota intencionalidade, cando en realidade no proceso adoitan xurdir a sorpresa e o fortuíto. Entendo, xa que logo, *proxecto* como *proceso* e véñenme á mente as achegas do investigador irlandés Michael Cronin á tradutoloxía no seu libro *Eco-Translation* (2017) cando reproba as prácticas de tradución que agochan o proceso, o movemento, 'the paths of migration' (2017: 4) e conciben a tradución como o resultado dunhas rutinas pre-ordenadas. O traballo de tradución, pola contra, está sempre aberto ao inesperado, o inopinado e non programado. En relación a este movemento, fala Cronin da tradución que cruza fronteiras para chegarmos á Outra con empatía para comprendela, respectando, porén, esas fronteiras e a súa alteridade (2017: 5). Na nova política ecolóxica da tradución defendida por Cronin hai unha ecoloxía da atención que aspira a facer visible e pór en valor non só o texto traducido, senón tamén o proceso de tradución (2017: 3). O presente artigo é unha achega a esta ecoloxía da atención ao proxecto tradutolóxico tras de *Migrant Shores*.

### Muller migrante e tradución

Prendeu o xermolo do proxecto *Migrant Shores* con motivo dunha estadía na universidade Cadi Ayyad en Marrakech (UCAM), durante a primavera de 2016, na que colaborei coas profesoras Rabéa Aniq-Filali e Fatim-Zahra Iflahen do 'Groupe de Recherche sur les Études Féminines' (GISR) desa universidade para analizar as circunstancias das migracións femininas.<sup>2</sup> De contado observei o compromiso social deste grupo, que ía alén da investigación en Humanidades, Ciencias Sociais, Estudos Literarios e de Tradución, para deseñar e poñer en práctica programas de formación e emprego para mellorar a vida das mulleres marroquís. A miña colaboración con este grupo consistía inicialmente en dar a coñecer os resultados do proxecto de investigación 'Ex-sistere: A mobilidade das mulleres nas literaturas galega e irlandesa contemporáneas', do que fun coordinadora entre 2013 e 2016, pero axiña observamos as confluencias e relevancia mutua nas circunstancias da muller migrante das tres comunidades, polo que decidín recoller unha serie de poemas marroquís, galegos e irlandeses que explorasen a cuestión da migración con atención preferente á situación das mulleres. Tratábase, polo tanto, dun proxecto poético, de tradución entre linguas e culturas, feminista e de xustiza social para visibilizar as condicións, achegas, soños e inqedanzas das mulleres migrantes. Porén, non se trataría soamente de seleccionar e xuntar poemas, senón de implicar aos e ás poetas participantes nun proceso de tradución e diálogo mediante, por unha banda, o que a poeta irlandesa Máighréad Medbh deu en chamar, na nosa

Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución  
Manuela Palacios

3

Correo electrónico de  
Máighréad Medbh a Manuela  
Palacios con data de 11-09-2016.  
Todos os comentarios feitos na súa  
correspondencia privada polos  
e polas poetas participantes en  
*Migrant Shores* están reproducidos  
neste ensaio coa súa autorización.

4

Correo electrónico de  
Máighréad Medbh a Manuela  
Palacios con data de 11-09-2016.

correspondencia privada, ‘trans-versions’ e, pola outra, poemas-resposta inspirados nos que a poeta canadense Erín Moure denominou no seu día ‘echolations’, termos ambos os dous que poñen de manifesto a riqueza de matices e a complexidade de proxectos de tradución como o que se quería levar a cabo en *Migrant Shores*.

Máighréad Medbh referiuse ao seu labor de reescritura do texto do poeta marroquí Taha Adnan, ‘Al-maroxelloise’, como ‘trans-version’: ‘I’ve done a provisional trans-version of the poem, and I’m in the process of getting some further advice in relation to the original Arabic’.<sup>3</sup> Ao descoñecer a lingua árabe e facer a súa reescritura sobre a base dunha tradución francesa fornecida polo poeta marroquí e un borrador en lingua inglesa que eu mesma lle facilitei, Máighréad Medbh preferiu non usar o termo ‘tradución’ para o seu labor e optou polo de ‘trans-versión’. Así e todo, Medbh consultou con varias persoas árabes da súa contorna tanto aspectos de forma como de contido do poema e comentou ao respecto: ‘I couldn’t have come so far without expert help, so I’ll be crediting a few people when I send the final text. The difficulty of this, given my unfamiliarity with Arabic, has been very enjoyable and illuminating’.<sup>4</sup>

No tocante ao termo ‘echolations’, cómpre explicar que, en 2014, a editora canadense BookThug publicou o libro *Secession / Insecession*, correspondendo *Secession* á tradución inglesa elaborada por Erín Moure a partir do poemario *Secesión* (2009) de Chus Pato. Pola súa parte, *Insecession* está descrita na páxina de dereitos de autor do libro como ‘Insecession by Erín Moure, her Chus Pato echolation’. Unha breve presentación de *Insecession* ao inicio do libro informa do sentido do termo ‘echolation’:

#### Insecession

An echolation-homage and biopoetics by Erín Moure, Montreal poet  
born the same year as Chus Pato,  
in a city traversed by two rivers, just east of the Canadian Rockies.  
Each text in Canadian English responds to a Pato text,  
with one added Chinook wind. (Pato & Moure 2014: 6)

### Migración e lingua: inclusións e exclusións

Certamente, a miña experiencia previa na edición das antoloxías *Pluriversos. Seis poetas irlandesas de hoxe* (2003), *To the Winds Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry* (O’Donnell & Palacios 2010), *Forked Tongues. Galician, Basque and Catalan Women’s Poetry in Translations by Irish Writers* (2012) e *Six Galician Poets* (2016a) facilitaron a posta en marcha do novo proxecto, porque xa nelas se foran tecendo as redes de colaboración necesarias para implicar a vinte e oito poetas neste novo proxecto de tradución e diálogo. Nas antoloxías anteriores houbera, así mesmo, unha certa complexidade lingüística ao incorporaren non só poemas orixinais en galego e traducións en lingua inglesa (*Six Galician Poets*), senón tamén orixinais ou traducións ao irlandés (*Pluriversos*, *To the Winds Our Sails*) ou orixinais en galego, éuscaro e catalán (*Forked Tongues*). O novo proxecto de *Migrant Shores* implicaría unha nova lingua, o árabe, coa que tamén traballara previamente para a coedición e cotradución doutra antoloxía, *Los ritos de los sentidos. Poesía árabe* (Elouafi et al. 2015). O estudo da lingua árabe fora, de feito, outra das motivacións para a miña estada na universidade de Marrakech.

*Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

5

O emprego da variedade estándar no mundo árabe permitiu que a antoloxía *Migrant Shores* aparecese reseñada en revistas culturais de Marrocos, Xordania e Alxeria.

6

Correo electrónico de Mohammed Bennis a Manuela Palacios con data de 29-08-2019.

Os sete poemas marroquís incluídos en *Migrant Shores* están escritos na variedade do árabe estándar moderno e non no dialecto magrebí —daryya— pois, por razóns socioculturais moi complexas de tradición literaria, prestixio cultural e difusión, a poesía árabe impresa adoita empregar a variedade estándar accesible a todo o mundo árabe.<sup>5</sup> O público lector culto do mundo árabe coñece e pode ler a poesía das diversas nacións árabes e a semellanza da variedade estándar co árabe clásico permítelle ler e comprender mesmo a poesía mística sufi do medievo. A variedade estándar é, hoxe en día, a empregada polos medios de comunicación, o discurso formal, a literatura impresa e a relixión (Abouzahr 2018). É así mesmo a variedade empregada para a comunicación entre falantes de variedades vernáculos de difícil comprensión mutua non só dun país árabe a outro senón dentro dun mesmo país como Marrocos. Consultado pola razón do emprego desta variedade estándar moderna por parte dos sete poetas da antoloxía, Mohammed Bennis —non confundir co poeta Mohamed Ahmed Bennis, incluído tamén en *Migrant Shores*— afirmou:

Oui, ces poètes marocains écrivent en arabe standard, comme la majorité des poètes arabes. C'est notre *langue moderne*, qui est apte à exprimer convenablement à la fois la vie quotidienne, l'intériorité et la subjectivité. C'est un avantage que les Arabes se comprennent facilement d'un bout à l'autre du Monde Arabe. Il y a certains poètes qui écrivent en dialectal, mais la majorité des romanciers l'introduisent surtout dans le dialogue, sans sentir aucune contradiction entre les deux registres de la langue.<sup>6</sup>

*Migrant Shores*, xa que logo, implica a tres comunidades —irlandesa, marroquí e galega— e tres linguas —inglesa, árabe e galega— malia que comunidade e lingua non teñen unha relación unívoca e exclusiva, pois nestes países conviven e contenden variedades lingüísticas plurais. Cada proxecto de antoloxía e tradución comportou inclusións e exclusións de linguas, motivadas fundamentalmente pola miña propia capacidade, como editora, para xestionar as dificultades e complexidades lingüísticas de cada escolma e por consideracións relativas ao público lector de destino.

As cinco antoloxías mencionadas ao inicio desta sección, co seu formato bilingüe de versión orixinal e traducida, tentan fuxir do perigo dunha política tradutolóxica que en realidade promovería unha monocultura monolingüe (Cronin 2017: 6) se só se limitase a presentar nunha lingua franca global —maioritariamente a inglesa— os textos doutras linguas minorizadas ou alleas ao canon literario occidental. Porén, o custo económico do formato bilingüe e o investimento de tempo e traballo que supón é moi elevado, entre outras razóns porque as editoras anglófonas adoitan descoñecer as linguas minorizadas ou as grafías non latinas. Estas antoloxías viron a luz, en gran medida, porque formaban parte de proxectos de investigación —malia que o labor de edición de antoloxías e de tradución non está recoñecido nas avaliacións da produción investigadora— que financiaron tempo de traballo e gastos de publicación necesarios para unha edición o máis coidada e rigorosa posible. Sen dúbida, cómpre agradecer tamén aos e ás poetas, así como ás súas editoras, a cesión de dereitos de tradución e reprodución dos poemas orixinais. Mención especial merecen os e as poetas de Irlanda que elaboraron as súas 'trans-versións' e 'eco-lacións' —fago propios os termos de Máighréad Medbh e Erín Moure polo seu poder evocador e indagador— para *Migrant Shores* sen retribución económica porque

as canles de financiamento da tradución son mínimas e están afogadas por unha burocracia que comporta máis traballo e tempo que a propia tradución literaria. É fundamental reflexionar sobre estas condicións materiais da produción literaria e sobre os medios humanos, sociais e culturais necesarios para producir unha tradución porque a percepción da tradución como transparente e inmediata provoca unha ocultación dos recursos empregados que Cronin, na súa análise ecolóxica da tradución, compara co tradicional desinterese polos recursos enerxéticos dos que fai uso unha civilización (2017: 3-4).

Preguntada polo seu parecer sobre como afecta ao emparellamento de linguas galega e inglesa a inclusión dunha terceira lingua como o árabe, Chus Pato, poeta galega antologada en *Migrant Shores*, comentou:

Considero o árabe como unha lingua peninsular e co mesmo rango que calquera das demais que se falan aínda hoxe no Estado. Sei que esta consideración pola miña parte pertence a un ideal, pero para min é así. O mesmo me ocorre co sefardí e co hebreo. Nunha España ideal que eu desexo, sería o árabe unha lingua oficial e estudiada nos colexios de todo o territorio (incluído Portugal). Descoñezo a intención da inclusión do árabe nesta escolma; para min é un gran acerto, un motivo de felicidade e unha sorte de intento logrado de restitución polos danos ocasionados coa expulsión desta lingua e dos seus falantes en épocas que adoitan ser consideradas moi distantes, pero que non o son desde o punto de vista da poesía ou da historia. Hai outra cuestión, o árabe é a lingua de cultura dun enorme territorio e dunha enorme potencia demográfica que se estende por todo o continente africano, asiático, europeo e americano e, sen embargo, é considerada en España como a lingua da emigración, do subalterno, dos infieis en definitiva e daqueles que poden ser ‘sacrificados’ mediante a súa explotación e mediante a negación dos dereitos humanos dos que todo ser humano é portador e sinal. Este carácter dobre: Lingua A e lingua B é dun enorme interese ao aparecer na antoloxía xunto co inglés (lingua sempre A) e o galego (lingua sempre subalterna).<sup>7</sup>

Gustaríame salientar deste comentario tanto a sagaz percepción das relacións de poder entre as linguas e os seus pobos, como —lonxe de todo exotismo e orientalismo— a importancia da lingua árabe na historia e cultura peninsulares. A visibilidade das linguas galega e árabe no mercado literario europeo é moi limitada, razón pola que quixen poñer a lingua inglesa —lingua franca pero tamén dominante— ao servizo da subalternidade lingüística, étnica e migratoria; unha lingua inglesa que neste caso está marcada de seu pola experiencia colonial, como é o caso do hiberno-inglés —variedade irlandesa da lingua inglesa—; unha lingua inglesa que contará a experiencia das mulleres migrantes galegas, irlandesas e marroquís alén das súas fronteiras lingüísticas, favorecendo así, insospeitadamente, alianzas entre mulleres, linguas e nacións acotío ignoradas no marco literario europeo. Se consideramos que a expresión ‘South to South’ non se refire tanto a unha realidade xeográfica como a unha noción de subalternidade, a apreciación de Emek Ergun e Olga Castro sobre o papel da tradución feminista —‘an act of cross-border meaning-making that aims both to connect women’s voices and stories and also to provide alternative theories of liberation and co-existence’ (Ergun & Castro 2017: 96)— na rectificación das asimetrías globais que priman discursos orixinados en Occidente é



*Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

8

Correo electrónico de Martín  
Veiga a Manuela Palacios con data  
de 29-08-2019.

9

Correo electrónico de Keith  
Payne a Manuela Palacios con data  
de 20-02-2019.

aplicable ao proxecto *Migrant Shores*: ‘This can be done not only by increasing “South-to-South oriented dialogues” (Costa 2006: 73), but also by privileging translations/travels of texts that have the potential to decolonise the global order’ (2017: 98).

Con respecto ao termo ‘lingua dominante’, gustariame citar, así e todo, a puntualización feita por Martín Veiga:

Sobre a cuestión das linguas dominantes, quixera lembrar aquela afirmación de Manuel Rivas na que indica que a poesía fala unha linguaxe que non quere dominar. Evidentemente, non son as linguas en si as que establecen binomios do tipo dominante/dominada, senón moitas das políticas lingüísticas, tanto de alta como de baixa intensidade, que desde o poder se impoñen sobre certas linguas minorizadas (e non só no Estado español, claro está).<sup>8</sup>

Certamente, cando me refiro ao inglés como lingua dominante non culpo a lingua senón as relacións de poder que a impoñen. Como ben afirma Luz Pichel no seu poemario *Casa pechada*: ‘As linguas non teñen a culpa do mal que se lle fai aos nenos con elas’ (2006: 80). O proxecto *Migrant Shores* non naceu no centro literario de Londres, senón na periferia de Europa para dar voz á experiencia migratoria das mulleres de Galicia, Irlanda e Marrocos. Foi, xa que logo, un intento de control, por parte da nosa subalternidade, sobre que traducir, cando traducir e como traducir.

Á mesma pregunta sobre a combinación e presentación de linguas nesta escolma, o poeta irlandés Keith Payne, quen traduciu ao inglés un poema de Gonzalo Hermo e respondeu ao mesmo cun poema da súa creación, achegou consideracións doutro tipo:

In reflection, there seems to be, in *Migrant Shores*, a separation between the three languages since the Galician-English section is separate from the Arabic-English section. While acknowledging that a three-way translation would cause all sorts of difficulties, I have come away with the sense that while familiar themes did arise, I wonder how much all three languages interacted. That said, the very presence of Arabic in the anthology —that much-maligned language here in the West due to social stigma caused by news reporting, etc.— is hugely encouraging. As with any translation I participate in, it only confirms the broad view of humanity *sans frontiers* that I have. The truth is I am not conscious of the ‘minoritaria-minorizada/franca-dominante’ relationship while translating or while reading in another language. For me it’s more about the unknown becoming known; it’s about revelation, revealed familiarities or at times even about epiphanies. Reading poets from various languages I give precedence to them as poets first; then, somewhere down the line, I may consider their nationality, gender, background, class, etc.; but first and foremost is ‘what do they have to say to me as poets’.<sup>9</sup>

Observo nas palabras de Keith Payne un interese pola nosa común humanidade que certamente coincide co obxectivo de *Migrant Shores* de relacionar a escrita sobre os movementos migratorios de hoxe procedentes do mundo árabe coa emigración galega e irlandesa pasada e presente. Merece tamén toda a miña consideración a reflexión de Keith Payne sobre o xeito no que mesmo a estrutura dunha escolma pode dividir, separar e

dificultar a percepción desa común humanidade. Refírese o poeta irlandés ao feito de que a antoloxía ten dúas partes: ‘Morocco & Ireland’ e ‘Galicia & Ireland’ que inclúen, cada unha, o poema en lingua orixinal, a tradución ao inglés por un ou unha poeta de Irlanda e un poema de resposta polo mesmo ou mesma poeta de Irlanda. Certamente, esta estrutura podería dificultar, por exemplo, a percepción da relación Galicia-Marrocos. Unha presentación alternativa dos poemas podería obedecer a consideracións temáticas, de voz ou de motivo literario, transcendendo a diferenza nacional. A persistencia da fronteira é teimuda, mesmo no índice dun libro. Porén, o meu traballo comparatista tentou sempre recoñecer a especificidade histórica e cultural de cada comunidade, subliñando aqueles aspectos de relevancia mutua, pero respectando a diferenza, cruzando fronteiras con empatía e dezo de comprender, construíndo espazos comúns onde entendérmonos, pero aceptando as limitacións propias do encontro coa alteridade. Unha das diferenzas notables entre os códigos lingüísticos da grafía árabe e latina é a dirección da escrita —da dereita á esquerda da páxina, en árabe— o cal complica en gran medida a edición intercalada de textos con grafías diferentes e razón pola que optei por reunir os sete poemas marroquís na sección ‘Morocco & Ireland’.

Cando o poeta tetuaní Mohamed Ahmed Bennis —asiduo colaborador en proxectos culturais entre o norte de Marrocos e o sur da Península— foi consultado sobre as posibles diferenzas ou semellanzas nos procesos migratorios de Marrocos, Galicia e Irlanda e sobre o sentido dun proxecto tri-nacional como este, respondeu:

Creo que, así como hay algo en común entre las tres comunidades, también hay algo dispar debido a los diferentes contextos sociales y culturales que caracterizan el fenómeno de la migración. Quizás, lo que parece ser común entre estas comunidades es la relación humana e íntima entre la migración como un acto humano espontáneo y el mar como un espacio que cataliza las preocupaciones, dolores y sueños de los migrantes. Para mí, este proyecto contribuye a construir puentes de comunicación e interculturalidad. Se trata de lo que podríamos llamar una identidad atlántica donde estas tres culturas se cruzaron en un momento histórico dado. Así que aprecio mucho lo que han hecho los poetas irlandeses a este respecto. Cada lengua tiene sus propios recursos simbólicos, artísticos y estilísticos. Sin embargo, la diferencia entre las lenguas puede superarse si los poemas pasan de una lengua a otra a través de una visión poética que sorte las dificultades de la traducción.<sup>10</sup>

Mohamed Ahmed Bennis identifica aquí un imaxinario común á experiencia migratoria das tres comunidades, o mar, de grande importancia simbólica no seu poema ‘Khial bila tariq’. Salienta igualmente un espazo xeográfico común, o Atlántico —que non en van inspirou tamén as relacións culturais entre Galicia e Irlanda no caso da Xeración Nós a través da noción de Atlantismo—, espazo ao que alude tamén o título da antoloxía, *Migrant Shores*, relativo ás ribeiras atlánticas dos tres países. Finalmente, refírese Mohamed Ahmed Bennis á visión poética —polo feito de que neste proxecto poetas traducen a poetas— como estratexia creativa e imaxinativa que orienta o labor intercultural da tradución á hora de ponderar e cotexar os recursos estilísticos de cada lingua. Curiosa e paradoxalmente, Máighréad Medbh comentou, mentres traballaba na que ela chamaba a súa



*Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*

Manuela Palacios

trans-versión, que atopaba semellanzas entre a situación da rapaza marroquí inmigrante en Europa e a sociedade irlandesa, mentres que dúas das súas informantes musulmás en Irlanda non se recoñecían na experiencia da protagonista do poema:

I met two young Muslim women here who know no-one like the girl in the poem, and didn't understand her predicament, except to suppose that she was empty inside! They were still quite open to it and happy to discuss. I could relate the situation quite easily to Irish mores.<sup>11</sup>

Para rematar esta reflexión sobre as linguas empregadas en *Migrant Shores* e a súa relevancia á cuestión migratoria, gustaríame citar a seguinte reflexión da escritora irlandesa Lorna Shaughnessy sobre o papel das linguas minorizadas e das globais no proceso de migración:

Esta cuestión me ha recordado que el hecho de ser angloparlantes nos ha dado a los irlandeses acceso a empleo en Gran Bretaña y EEUU. En el período entre los años 1930 y 1960 fueron trabajos duros y mal pagados en general. Pero las dos últimas 'olas' de emigración de Irlanda en los años 80 y las que tuvieron lugar durante la recesión de 2008-18 han sido muy diferentes porque la gente joven que se marchó tenía título universitario y en general conseguía mejores empleos; además, muchos han podido volver a Irlanda. Así que el inglés da oportunidades reales que ni el irlandés ni el gallego pueden ofrecer. El papel de los idiomas minorizados para los emigrantes es fascinante pero frecuentemente es también una cuestión dolorosa, porque muchas veces la lengua vernácula se diluye o se pierde en el extranjero, y con ello, un vínculo muy especial con el lugar de nacimiento. El reto que representa para mí el gallego a la hora de traducir radica en este vínculo tan íntimo con un lugar muy específico. Intento buscar un tono parecido en el 'Hiberno English'; el inglés hablado en Irlanda con sus variaciones y coloquialismos infinitos.<sup>12</sup>

Fálanos aquí Lorna Shaughnessy da ferida profunda provocada pola progresiva perda da lingua vernácula na emigración —tema que trata con punzante mestría o poema 'Al-maroxelloise' do marroquí Taha Adnan— debido ao conflito identitario e de autoestima que xera, pero fala tamén das oportunidades que fornece a lingua franca ou global para a persoa que emigra non só cara a outro país senón cara a outra lingua, aprendida esta en moitos casos como consecuencia dunha historia colonial previa. Porén, o exemplo da xente nova irlandesa que, durante os anos 80 do século XX e tras a crise financeira de 2008, atopa bos traballos no estranxeiro grazas ao seu dominio do inglés e á súa formación académica non é facilmente trasladable aos casos galego e marroquí. Como sinala agudamente María Alonso, na súa monografía *Transmigrantes. Fillas da precariedade* (2017), o título académico de moita xente migrante perde valor no momento preciso de cruzar a fronteira: 'Desvalorizámonos en canto se abre o zapón do avión de calquera compañía de baixo custo que nos poidamos permitir para emigrar. Cruzar unha fronteira, cando máis e cando menos, implica descender nesa escala social invisíbel na que vivimos' (2017: 15). A este respecto, tamén é clarificadora a opinión de Chus Pato sobre os intereses económicos que controlan os movementos migratorios:

11

Correo electrónico de Máighréad Medbh a Manuela Palacios con data de 11-09-2016.

12

Correo electrónico de Lorna Shaughnessy a Manuela Palacios con data de 03-03-2019.

*Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

Nada é menos espontáneo que os movementos migratorios. Son froito de políticas demográficas, deseñadas a nivel global. Hai territorios que precisaron corpos para as súas revolucións industriais e territorios aos que lles foi negado un desenvolvemento deste tipo pero non a participación no proceso. Pouco importan aquí as ilusións de cada quen, os éxitos de cada quen ou que algúns, algunhas chegaran a facer grandes fortunas; a política migratoria deseñou unha proletarización de amplas capas campesiñas europeas ‘sobrantes’. Galicia e Irlanda son terras que se proletarizaron no exterior, as razóns son diferentes en cada caso, tamén os resultados.<sup>13</sup>

13

Correo electrónico de Chus Pato a Manuela Palacios con data de 12-04-2019.

14

Xa en 2014 defendín a autonomía relativa dos distintos axentes que interveñen na produción de traducións e illustrei a miña proposta con exemplos relacionados coa canonización, obxectivos, público, difusión, ideoloxía de xénero, etc. (Palacios 2014a).

### Diversidade e relacións heterárquicas

Cómpre comentar tamén a escolla do xénero da antoloxía, que nas negociacións interculturais a través da tradución adoita ser a práctica dun estadio inicial de difusión internacional (Luna Alonso 2012: 172). Evidentemente, é desexable que este xénero vaia acompañado da atención pormenorizada a obras individuais, pero eu evitaría a orde cronolóxica, estratéxica e teleolóxica que suxire que a difusión internacional comezará por antoloxías pero que, para adquirir un estatuto de normalidade, no estadio seguinte deberá centrarse na tradución e difusión de obras individuais. Comprendo que o sistema cultural galego carece de institucións culturais potentes que promovan a coordinación e a planificación da difusión literaria a través da tradución e comprendo que urxe a creación dun organismo deste tipo, pero a ecoloxía da tradución convida a que a política cultural institucional conviva coa diversidade e permita a relación heterárquica entre os distintos axentes implicados na tradución (creación, edición, publicación e difusión). Ao respecto da relación entre diversidade biolóxica e cultural, din as pioneiras do ecofeminismo Irene Diamond e Gloria Feman Orenstein: ‘[...] ecofeminism seeks to reweave new stories that acknowledge and value the biological and cultural diversity that sustains all life’ (1990: xi).<sup>14</sup>

É a convicción desta necesidade de diversidade a que me estimula a preparar antoloxías: diversidade de linguas e culturas, diversidade xeracional, representación axeitada por criterios de xénero-sexo que corrixa exclusións e silenciamentos flagrantes ata tempos recentes. Por esta razón, *Migrant Shores* inclúe poetas que naceron entre os inicios dos anos corenta e finais dos oitenta do século xx; con traxectorias que van desde as moi consolidadas ata as emerxentes; cunha representación de dezasete escritoras e once escritores, de xeito que os escritores non só favorezan a tradución das escritoras e o diálogo con elas, senón que na súa creación eles reflexionen tamén sobre a condición da muller migrante. Son sete poetas de Marrocos: Mohammed Bennis, Taha Adnan, Fatima Zahra Bennis, Imane El Khattabi, Mohammed Ahmed Bennis, Aicha Bassry, Mezouar El Idrissi; sete poetas de Galicia: Martín Veiga, Chus Pato, Eva Veiga, Baldo Ramos, Gonzalo Hermo, Marilar Aleixandre, María do Cebreiro; catorce poetas de Irlanda: Paula Meehan, Máighréad Medbh, Susan Connolly, Hugh O’Donnell, Catherine Phil MacCarthy, Sarah Clancy, Thomas McCarthy, Eiléan Ní Chuilleanáin, Lorna Shaughnessy, Maurice Harmon, Celia de Fréine, Keith Payne, Breda Wall Ryan e Mary O’Donnell.

Como se comentou anteriormente, *Migrant Shores* está estruturado en dúas partes —ademais dunha introdución, un apéndice e a información

bio-bibliográfica: Marrocos & Irlanda e Galicia & Irlanda. Non minimizaría a función do símbolo '&', para salientar a colaboración e os vencellos entre poetas e comunidades fronte a presentacións tradicionais que priorizan a creación orixinal e agochan a intervención e re-creación da tradución. Solicitei a cada poeta de Marrocos e Galicia un poema sobre experiencia da migración que, preferiblemente, tratase as circunstancias da muller migrante, e varios e varias poetas escribírono especialmente para esta escolma —tal foi o caso dos poemas 'Unha casa na Habana' de Martín Veiga, 'sentir o corpo...' de Eva Veiga e 'amada estranxeira' de Baldo Ramos; así mesmo, todos os poemas-resposta foron escritos por primeira vez para *Migrant Shores*. Esta encomenda temática impuxo aos e ás poetas certas lindes e condicións, como ocorreu no caso de Baldo Ramos, quen comentou nunha das presentacións do libro que empregou un modo narrativo para contar a experiencia migratoria da súa familia nos Estados Unidos. Curiosamente, sinalou Baldo Ramos que non adoita escribir poesía narrativa e que na trans-versión de Celia de Fréine atopou un emprego de ritmos sincopados e elipses máis afín ao seu propio estilo habitual. A elección do poema a incluír recaeu frecuentemente no poeta, ou en ocasións foi consultada comigo —Chus Pato, Gonzalo Hermo, Marilar Aleixandre, María do Cebreiro— ou foi directamente a miña elección —Mohammed Bennis. Hai un aspecto crucial do proxecto que é o emparellamento de poetas de Marrocos e Galicia con poetas de Irlanda. Sen dúbida, a orientación temática e estilística do poema orixinal axudou na escolla de poeta co-respondente en Irlanda, pero tamén foi fundamental o coñecemento profundo da obra dos e das poetas participantes para detectar as sintonías na súa visión poética. No caso de Martín Veiga, porén, foi el mesmo quen escolleu e solicitou á célebre poeta Eiléan Ní Chuilleanáin que colaborase na tradución e 'eco-lación' do seu poema. Xa que a versión traducida debe ante todo funcionar como poema de seu, a tradutora acolleu o poema de Martín Veiga como propio no seu repertorio, tal e como explicou o poeta galego:

Unha cuestión que me agradou moito é que Eiléan decidise incluír a súa tradución do meu poema entre os textos que presentou en varios recitais poéticos que ofreceu no Reino Unido. [...] Eiléan considera que o poema traducido lle pertence á tradutora, o que explica con maior claridade os seus motivos para presentar 'A House in Havana' en recitais conxuntamente coa súa obra poética.<sup>15</sup>

No caso de Chus Pato e María do Cebreiro, había experiencias previas de tradución mutua con Lorna Shaughnessy (O'Donnell & Palacios 2010, Palacios 2012) e Mary O'Donnell respectivamente (Rábade Villar & Palacios 2015). Nos casos restantes, o emparellamento foi responsabilidade miña e debo dicir que me reportou felices achados: o lirismo e nostalxia nos poemas de Mohammed Bennis e Paula Meehan, o ton coloquial e a rebeldía nos de Taha Adnan e Máighréad Medbh, a irreverencia e contestación social nos de Gonzalo Hermo e Keith Payne, etc.

Cada poema orixinal vai seguido da tradución ou 'trans-versión' e do poema resposta ou 'eco-lación'. Esta presentación tripartita, a diferente extensión dos poemas, a inclusión das versións orixinais árabes coas súas particularidades gráficas, e a inclusión de caligrafías non favorecían a presentación convencional de texto orixinal na páxina esquerda e texto traducido na dereita, polo que a casa editora e mais eu optamos pola presentación consecutiva de poema orixinal completo, a súa tradución e o

poema-resposta. Pérdese, sen dúbida, o pracer visual e conceptual de pasar dunha lingua a outra nunha mesma ollada, pero os perigos probables dunha maquetación descontrolada así o aconsellaron.

Tan importante hoxe en día como a atención ao formato e á tradución é a difusión do traballo feito. O principio de diversidade e relacións heterárquicas atinxe tamén o proceso de difusión, razón pola que procuramos chegar a espazos e medios de ámbito local e internacional —Galicia, Irlanda, Reino Unido, Marrocos e outros países do mundo árabe—, de especialidades distintas —estudos de tradución, estudos irlandeses, estudos galegos—, en medios académicos e de comunicación —congresos, conferencias, radio—, con presentacións e lecturas en librarías, salas de arte e universidades. O público lector de poesía está dentro e fóra do ámbito académico, mais outro aspecto importante a ter en conta foi o propio tema da antoloxía, polo que quixemos chegar tamén, malia as dificultades, á muller migrante. Unha experiencia grata e instrutiva foi, por exemplo, a presentación da antoloxía na librería Books Upstairs en Dublín, onde varias poetas irlandesas convidaron a poetas árabes que residen na cidade para que lesen os poemas marroquís. O obxectivo da difusión é acadar un certo grao de influencia na transmisión literaria, ou impacto, nos sistemas literarios receptores. No caso de *Migrant Shores*, fixéronse presentacións en Dublín, Galway e nas universidades de Edimburgo, Londres, Vigo —Facultade de Filoloxía e Tradución—, A Coruña —no marco do congreso europeo EFACIS de estudos irlandeses— e Santiago. Solicitáronse recensións a revistas académicas e culturais —*Boletín Galego de Literatura*, *Madrygal*, *Estudios Irlandeses*, *Studi Irlandesi*, *Poetry Ireland Review*— e a antoloxía foi destacada en *World Literature Today*, *ILA* (Marrocos), *Qabaqosayn* (Xordania), *Thakafamag* (Alxeria). No tocante aos medios de comunicación, presentamos *Migrant Shores* na radio nacional de Irlanda —RTE: The Poetry Programme— e na Radio Galega.

### Tradución, intervención e diálogo

O tipo e grao de consultas entre poetas foi moi variado e, pola complexidade lingüística, precisou da miña mediación en moitas ocasións, tanto para resolver dúbidas de contido como cuestións máis técnicas propias do labor de edición. Como cabía esperar, o diálogo directo entre poetas de Marrocos e Irlanda foi limitado porque, na maioría dos casos, obrigáboas a usar o francés como lingua de encontro. Apareceron, curiosamente, outras figuras mediadoras máis próximas aos poetas de Irlanda —velaqui un aspecto fortuíto do proceso de tradución— que lles leron e comentaron os poemas en árabe e cuxo papel está recoñecido na sección de Agradecementos. Nalgúns casos, os e as poetas de Marrocos achegaron traducións dos seus poemas ao castelán e ao francés e, nos casos concretos de Mezouar El Idrissi e Aicha Bassry, estes forneceron traducións inglesas de calidade —do Bard Group e Nourdinne Zouitni respectivamente— que fixeron innecesaria a intervención dos poetas Thomas McCarthy e Sarah Clancy como tradutores, polo que o seu labor consistiu en escribir exclusivamente os poemas-resposta.

*Migrant Shores* contén, xa que logo, traducións directas da lingua orixinal ao inglés (dos poemas de Mezouar El Idrissi, Aicha Bassry, Martín Veiga, Chus Pato e Gonzalo Hermo) e, nos casos restantes, traducións indirectas para as que eu mesma fornecín un borrador de tradución do árabe e o galego cara ao inglés co que traballaron os e as poetas de Irlanda nas súas

*Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

16

Correo electrónico de Mary  
O'Donnell a Manuela Palacios con  
data de 03-09-2019.

17

A pesar das dificultades para  
presentar este tipo de antoloxía a  
premios de tradución, o proxecto  
arredor de *Migrant Shores* recibiu  
o primeiro premio (artes e huma-  
nidades) de promoción exterior  
da Universidade de Santiago de  
Compostela en 2018.

‘trans-versións’ coa miña supervisión e asesoramento constante. Así e todo, hai un tabú claro arredor da tradución indirecta que fai que, desde moitas instancias, se cuestione a súa propia consideración como ‘tradución’. De aí o recurso a termos como o acuñado por Máighréad Medbh, ‘trans-version’, debido, non só ao feito de que para a versión inglesa non se parta da lingua orixinal, senón probablemente tamén ao alto grao de intervención nestas traducións poéticas. Este mesmo tabú colocou os e as poetas de Irlanda nunha posición incómoda, de inseguridade, pola que se desculpaban reiteradamente na nosa correspondencia ante o temor á acusación de ‘impostura’. Mary O’Donnell, responsable da tradución indirecta do poema de María do Cebreiro en *Migrant Shores* e impulsora desta serie de traducións indirectas coa participación de poetas de Irlanda na nosa antoloxía *To the Winds Our Sails* (2010), comentou ao respecto:

Many people, including the translators who work from cribs, are slightly doubtful at times about the academic and intellectual reliability of working in this way. Yet, I can see, practically speaking, that it is entirely possible to execute excellent translations. On the other hand, when someone *outside* the academy or a non-writer questions the translation in conversation, they sometimes assume that we are fluent in the language translated, so the difficulty arises in explaining to them the highly nuanced effort and direction of the enterprise. I trust this way of working almost entirely.<sup>16</sup>

O receo cara á tradución indirecta maniféstase tamén na política de subvención da tradución, xa que o organismo Literature Ireland refugou a miña solicitude de financiamento para pagar aos poetas de Irlanda polo seu labor neste proxecto co argumento de que non se trataba de traducións directas. Ademais, ao se tratar dunha antoloxía con participación de múltiples poetas-tradutores e un alto número de traducións indirectas, non é doado presentar este tipo de traballo a premios de tradución.<sup>17</sup> Os estudos de tradución indirecta constatan que a tradución indirecta —práctica moi complexa que inclúe tanto a tradución dunha tradución como a participación mixta de axentes, textos e procesos de mediación entre a lingua de orixe e a de destino— adoita ser percibida con suspicacia pola suposta distancia que insire entre o texto orixinal e o texto meta. Por esta razón, non é raro que se oculte ou camufle esa mediación. Unha das razóns alegadas para o uso de tradución indirecta é a falta de profesionais da tradución na lingua de orixe. Porén, a tradución indirecta aumenta nos casos nos que se prioriza o funcionamento do texto nas linguas e culturas de destino, así como nos contextos globalizados de interculturalidade e comunicación entre periferias a través de linguas hexemónicas (Assis Rosa, Pięta & Bueno Maia 2017: 113-119).

Como editora de *Migrant Shores*, reivindico o valor e interese da tradución indirecta. O feito de que bo número das traducións nesta escolma sexan indirectas débese á escolla de poetas —e non profesionais da tradución, que non faltan— para este labor, o cal tivo como obxectivo que os e as poetas das diversas comunidades se coñecesen, lesen, traballasen cos textos da outra e do outro e respondesen a eles. Esta experiencia de tradución indirecta iniciada con *To the Winds Our Sails* (O’Donnell & Palacios 2010) resultou produtiva na medida en que a maioría dos e das poetas de Irlanda quixeron repetila nas antoloxías posteriores. Este tipo de mediación nunca foi agochado ou camuflado e, de feito, afirmo na miña introdución



de *Migrant Shores*: 'I avow that I have often found poets' indirect translations more evocative and refined than direct renderings made by other translators with insufficient training in the craft of verse' (Palacios 2017: 13). Sobre a suspicacia que esperta a tradución indirecta, direi que, lamentablemente, a tradución directa tampouco está libre deses prexuízos: 'Like translations, migrants also move across culture and language boundaries; like translations, migrants are often regarded with suspicion' (Palacios 2017: 13). No tocante á distancia entre o texto orixinal e o texto meta debido á mediación doutras traducións, é unha distancia que debemos percorrer por eses 'paths of migration' que Cronin nos exhorta a analizar, porque é aí onde ten lugar o encontro e o trato coa alteridade (2017: 4).

Critica a poeta, filóloga e, ocasionalmente, tamén tradutora María do Cebreiro que se relacione a tradución feita polos autores de creación literaria co voluntarismo e a falta de rigor profesional, e lamenta que se perciba o seu labor como característico da precariedade dun sistema literario que só acadará madurez, normalización e a necesaria planificación coa tradución profesional (Rábade Villar 2009). Pola súa parte, Olga Castro advertía en 2011 de que, paradoxalmente nunha profesión tan feminizada como a da tradución, eran poucas as poetas-tradutoras (Castro 2011). Que se lle recoñeza ou non un valor engadido á calidade do texto traducido polo feito de que sexa responsabilidade dun creador ou creadora literaria dependerá en parte do grao de canonización dese escritor, recoñecemento que adoita estar afectado pola ideoloxía patriarcal dominante en sistemas literarios como o galego, o irlandés ou o marroquí. En calquera caso, como lle escoitei dicir ao poeta-tradutor Keith Payne en varias ocasións, o poema traducido debe funcionar como poema e non pode nin debe limitarse a trasladar todas as particularidades do texto orixinal ao texto meta. Esta 'target-orientedness' (Assis Rosa, Pięta & Bueno Maia 2017: 114), esta atención á dimensión literaria do texto meta é unha das varias razóns polas que me decidín pola tradución indirecta.

*Migrant Shores* contén poemas de modos lírico, narrativo e dramático —este último, por exemplo, co monólogo dramático de Sarah Clancy no seu poema-resposta 'Poem for a Migrant Poet Waiting to Make Her Crossing' e no poema de Martín Veiga 'Unha casa na Habana'. Aínda que predominantemente en verso libre, hai unha escolla coidada de estrofa, versificación, ritmos e harmonías, e mesmo o emprego de estrofas de antiga tradición literaria como o soneto na eco-lación de Thomas McCarthy 'Reading "Noche de Granada" of Mezouar El Idrissi'. Profesional ou non, a persoa tradutora debe coñecer todas estas convencións poéticas e responder a elas axeitadamente coa sensibilidade e preparación que se lle presupón aos e ás poetas. No caso de *Migrant Shores*, os poetas-tradutores recibiron a instrución de que a literalidade non era o obxectivo a conseguir, senón a intervención e manipulación poética para conseguir unha tradución que sería, de seu, unha proposta de lectura e diálogo. Así, a poeta irlandesa Paula Meehan, na súa trans-versión do poema de Mohammed Bennis, introduciu un título que non hai no orixinal, re-estruturou as estrofas para rematar con dous versos de marcados paralelismos sintácticos e rima, e fixo uso enfático da división dos versos. Todo isto só se podía facer tras unha profunda lectura do poema orixinal e cun dominio absoluto dos recursos poéticos da lingua inglesa. Aínda que só fose desde un punto de vista funcionalista, como o adoptado pola Skopos Theorie de tradución, desenvolvida en Alemaña nos anos setenta do século xx (Du 2012), podo afirmar que as trans-versións en *Migrant Shores* cumpren con acerto eses obxectivos marcados.



Migrant Shores: *en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

18

O uso da fotografía na experiencia das mulleres migrantes galegas e irlandesas foi analizado en diferentes artigos de Palacios (2014b, 2014-2015 e 2016b). Estes contaron coa participación de escritores e escritoras de Galicia e Irlanda, que fornecían e comentaban a fotografía dunha muller migrante da súa contorna familiar.

19

Correo electrónico de Lorna Shaughnessy a Manuela Palacios con data de 03-03-2019

Os poemas galegos e marroquís tratan temas como o exilio (aprendizaxe e esquecemento), a emigración (medos e soños), os sentimentos de pertenza ou alienación, a prostitución, a explotación da man de obra feminina, a estranxeiría como factor de cambio e renovación, as tensións e contradicións no interior das sociedades, así como entre a comunidade de orixe e a de destino... Todas elas son cuestións que nos levan a facérmolos a mesma pregunta que fai Bonnie Honig en *Democracy and the Foreigner* (2001): que función cumpre o estranxeiro na nosa cultura e sociedade? Os poemas-resposta ou eco-lacións adoitan retomar temas e imaxes do poema orixinal, ou ben presentan unha experiencia vivida pola diáspora irlandesa semellante á expresada nos poemas galegos e marroquís. Un terceiro tipo de resposta é a que tenta relacionar migracións pasadas coa crise presente de refuxiados. Tamén responden aos poemas orixinais as caligrafías árabes do artista plástico-calígrafo Hachemi Mokrane con palabras e conceptos do tema da emigración —laji'a (refuxiada), al-manfa (exilio), shatat (diáspora), 'ubur (acción de cruzar), thalathat shauati' (tres costas)— e a fotografía post-mortem que forneceu o poeta galego Baldo Ramos da súa familia emigrante nos Estados Unidos nos difíciles anos trinta do século xx.

A fotografía foi un medio privilexiado de comunicación da experiencia migratoria e *Migrant Shores* contén dous poemas sobre a súa función tanto para a persoa migrante como a súa familia no país de orixe.<sup>18</sup> Trátase do poema 'Asun...' de Chus Pato e o poema-resposta de Lorna Shaughnessy 'Liberty Landing'. A poeta irlandesa comentoume como a foto no poema galego a inspirou para usar ese motivo como elemento estruturador do seu propio poema:

La emigración de mujeres es una experiencia que hemos compartido en Irlanda y de la que tengo experiencia directa en mi familia. El aspecto intergeneracional del poema de Chus Pato también me resultaba familiar y aparece reflejado en mi poema. El poema de Chus Pato me ha dado la oportunidad de reflexionar sobre el papel de las fotos en las relaciones entre las emigradas y los que quedamos en casa y ha agudizado mi conciencia con respecto a todo aquello que desconozco: el aspecto fragmentado de la 'narrativa' que evoca, el hecho de no contar detalles del tratamiento médico, de nombrar lugares pero incluir solo detalles que serían visibles en las típicas fotos mandadas a casa, los cambios repentinos de registro... Todos son retos para la traductora, pero también son elementos del poema que me recuerdan que las experiencias de los demás no son tan fáciles de penetrar y comprender, sobre todo cuando se trata de otra cultura que no es la mía, por muy familiar que me resulte. El acto de traducir obliga a un acercamiento intenso al texto, hasta el punto de sumergirse en él. También obliga a cierto nivel de investigación sobre el contexto social e histórico que motiva el poema. Estos dos procesos son muy diferentes pero ambos son importantes. En el primero, las palabras mismas y el tono del poeta nos revelan aspectos culturales que pueden ser muy íntimos (como ocurre en este caso con el uso del registro coloquial o familiar). El segundo proceso de investigación del contexto nos 'saca' del texto en cierto sentido, pero al mismo tiempo facilita una comprensión más profunda y compleja del mismo.<sup>19</sup>

Migrant Shores: *en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

A emigración feminina e as relacións inter-xeracionais da experiencia migratoria, o aspecto comunicativo e función social da fotografía, os límites da nosa comprensión perante a experiencia da Outra —migrante galega ou irlandesa—, a tradución como proceso de encontro con esa outredade a través da lingua e a través da pescuda do fenómeno histórico... Estes son os aspectos que salientou Lorna Shaughnessy como constitutivos do seu diálogo co poema de Chus Pato. En canto á poeta galega, afondou durante a nosa correspondencia nas circunstancias históricas da emigración galega e irlandesa, as semellanzas e as diferenzas:

20

Correo electrónico de Chus Pato a Manuela Palacios con data de 12-04-2019.

21

Correo electrónico de Keith Payne a Manuela Palacios con data de 20-02-2019.

Unha poeta irlandesa pode responder a un texto escrito en galego que ten como tema un aspecto deste movemento histórico que é a migración campesiña europea desde mediados do XIX ata os anos 70 do século pasado. Destacaría as seguintes cuestións: Os poemas irlandés e galego responden a unha onda migratoria posterior á Segunda Guerra Mundial que, en España, foi resultado das políticas deseñadas polo ‘desarrollismo’ franquista. Este fluxo migratorio pertence á segunda revolución industrial, de aí que a tecnoloxía sexa a fotografía en branco e negro —no caso galego podo dicilo porque son a súa autora. No poema irlandés non se fala de retorno senón de visitas. No galego podería non haber retorno pero posiblemente si o hai. A migración galega regresaba porque tiña propiedades ou cando menos tumbas ás que regresar e porque pouco se lle perdía nos países de recepción (falo naturalmente de Europa). Estes dous poemas tamén poderían facer pensar nas consecuencias que para Irlanda e Galicia supuxo padecer este tipo de ‘lento xenocidio’ que foron os procesos migratorios para os pobos campesiños de Europa. No caso galego é letal.<sup>20</sup>

Noutros casos, lectura e tradución do orixinal, así como o poema-resposta, reaccionan a un forte impacto emocional provocado polo poema orixinal e polos múltiples ecos desa emoción noutras obras literarias. Así aconteceu coa trans-versión e eco-lación que Keith Payne fixo do poema de Gonzalo Hermo ‘A estranxeira inventa a utopía...’:

Reading and translating Gonzalo Hermo’s poem brought several other poets to mind. There’s Juan Gelman in the violence enacted upon the narrator —in particular his collection *Bajo la lluvia ajena*— which is made manifest in the closing phrase ‘to break my mouth’. Gelman spoke of the refugee as someone whose jaw had been broken, both from the physical violence they suffered and the inability to speak the language of the host country. And this is an explicitly violent poem, with a kind of violence I’m not usually explicit about in my own writing, so my reading of Gonzalo Hermo is filtered through so much of my other reading which in turn influences the translation. This is also an emotionally intelligent poem, which cannot but affect the reader and in turn affects the translator and the poet who is to respond by forcing him to acknowledge the violence and to deal with it in his own manner. In this case, I was reminded of the daily violence enacted on women —most often trafficked women— who are essentially raped day after day in the many brothels that line the highways of Galicia and beyond.<sup>21</sup>

*Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

## Conclusiones

O meu obxectivo prioritario neste ensaio foi o de expoñer os recursos empregados no proceso de tradución en *Migrant Shores* co fin de contribuír a unha ecoloxía da atención e a unha ideoloxía ecolóxica da tradución. Atendendo á exhortación de Cronin (2017) sobre a necesidade dunha ecoloxía da atención que poña en valor, non só o texto, senón tamén o proceso de tradución e os recursos empregados, fornecín información sobre como se xestou, organizou, financiou —con penurias—, presentou e difundiu o proxecto *Migrant Shores*, atendendo ás condicións materiais, os medios humanos, o tempo e o traballo que requiriron tanto a estrutura de versións orixinal-tradución-resposta nunha antoloxía con tres linguas como o emprego da lingua e grafía árabes, tan infrecuentes no mundo editorial europeo. Expuxen os obxectivos previstos e as instrucións dadas aos e ás poetas participantes verbo do tema central da migración e das circunstancias da muller migrante, salientando a prioridade da re-creación e o diálogo por enriba da quimera da fidelidade. Dei conta, igualmente, dos obstáculos, dificultades e solucións fortuítas que xurdiron no proceso, como foi o caso da axuda facilitada polas figuras e textos de mediación que interviñan para informar sobre a lingua e os contidos dos poemas orixinais.

Obedeceu este proxecto aos principios ecoloxistas de diversidade biolóxico-cultural, relacións heterárquicas e autonomía relativa. Defendín o xénero da antoloxía porque o seu formato permite incluír poetas de diversas xeracións e distinto grao de recoñecemento, corrixindo ademais nesgos de xénero-sexo que excluíron tradicionalmente as escritoras. O formato da antoloxía permitiu tamén, no caso concreto de *Migrant Shores*, o encontro de tres linguas e culturas —galego, árabe e hiberno-inglés— que eu nunca vira xuntas e comparadas nun mesmo proxecto e nun mesmo libro, pero que demostraron a súa relevancia mutua. Argumentei a necesidade de manter relacións heterárquicas entre todos os axentes que participan na práctica da tradución, pois un proxecto deste tipo non podería ter lugar sen gozarmos dunha autonomía relativa alén de consideracións como a adecuación do xénero da antoloxía a unha hipotética planificación institucional de difusión internacional, ou a conveniencia ou non de que as persoas encargadas da tradución sexan poetas e non profesionais da tradución, cuestionando tamén que haxa un tipo único de público lector ou destinatario idóneo para este tipo de proxecto.

*Migrant Shores* evitou, así mesmo, os efectos da presentación monolingüe, que só permite ás culturas minorizadas sobrevivir en inglés. Empregouse, certamente, unha lingua hexemónica como a inglesa para os textos meta, pero nunha variedade de seu subalterna e marcada por unha historia colonial: o hiberno-inglés de Irlanda. Púxose esa lingua inglesa, con todo o seu potencial de lingua franca e global, ao servizo da visibilización da muller migrante e ao servizo do diálogo entre linguas e culturas con diversos graos de subalternidade. Expuxéronse os distintos niveis de mediación no proceso de tradución, desde a tradución directa á indirecta, reivindicando o papel fundamental da segunda nos diálogos cros-culturais entre periferias.

Un dos obxectivos de *Migrant Shores* foi, polo tanto, o de recuperar o control desde a periferia sobre que traducir, cando traducir e como traducir, afondando na complexidade, os anhelos e os límites no encontro coa outredade a través da tradución e indagando nas relacións entre migración, muller, lingua, tradución e diálogo. Algunhas poetas fixeron seu o poema

*Migrant Shores: en prol  
dunha ecoloxía da atención  
e da tradución*

Manuela Palacios

traducido, incorporándoo ao seu repertorio; outras consideraron a inclusión da lingua árabe como unha restitución fronte a unha historia de exclusión e desposuímento da súa cultura e a súa xente; a medida que afondaban no poema a traducir, identificábanse co sufrimento da estranxeira, mesmo en situacións nas que as súas compatriotas non a comprendían; nos poemas resposta, tecían imaxinarios da migración comúns como o do mar. Así e todo, tanto as linguas vernáculas como a escrita poética ofrecían resistencia á asimilación e á domesticación, presentando enigmas e incertezas, introducindo dúbidas e inseguridade na persoa tradutora. *Migrant Shores* quixo construír un espazo de encontro, pero as fronteiras erguíanse fose cal fose o formato e a organización. O reto era promover o encontro respectando ao tempo a especificidade cultural de cada comunidade. Certamente, haberá tamén que avaliar cando corresponda, como reclamaba Sherry Simon (1996: viii-ix), a influencia dun proxecto ideolóxico da tradución como este sobre a política de transmisión literaria e o seu impacto nos sistemas literarios receptores.



## Obras citadas

- ABOUZHR, Hossam, 2018. 'Standard Arabic Is on the Decline: Here's What's Worrying About That', *Atlantic Council*, 21 de maio 2018. <https://www.atlanticcouncil.org/blogs/menasource/standard-arabic-is-on-the-decline-here-s-what-s-worrying-about-that>
- ACUÑA, Ana, ed., 2014. *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* (Berlín: Frank & Timme).
- ALONSO ALONSO, María, 2017. *Transmigrantes. Fillas da precariedade* (Rianxo: Axóuxere).
- ASSIS ROSA, Alexandra, Hanna PIĘTA & Rita BUENO MAIA, 2017. 'Theoretical, Methodological and Terminological Issues Regarding Indirect Translation: An Overview', *Translation Studies* 10. 2: 113-132.
- CASTRO, Olga, 2011. 'Tradutoras gallegas del siglo XX: reescribiendo la historia de la traducción desde el género y la nación', *MonTI* 3: 107-130.
- CASTRO, Olga & Emek ERGUN, 2017. 'Pedagogies of Feminist Translation. Rethinking Difference and Commonality across Borders', en Castro & Ergun 2017: 93-108.
- \_\_\_, 2017. *Feminist Translation Studies. Local and Transnational Perspectives*, eds. Olga Castro & Emek Ergun (Nova York & Londres: Routledge).
- CRONIN, Michael, 2017. *Eco-Translation. Translation and Ecology in the Age of the Anthropocene* (London & New York: Routledge).
- DIAMOND, Irene & Gloria Feman ORENSTEIN, eds., 1990. *Reweaving the World: The Emergence of Ecofeminism* (San Francisco: Sierra Club Books).
- DU, Xiaoyan, 2012. 'A Brief Introduction of Skopos Theory', *Theory and Practice in Language Studies* 2.10: 2189-2193.
- ELOUAFI, Jaouad, Bahi TAKKOUICHE, Manuela PALACIOS & Arturo CASAS, eds, 2015. *Los ritos de los sentidos. Poesía árabe*, tradución de Jaouad Elouafi, Bahi Takkouche, Manuela Palacios & Arturo Casas. Caligrafías de Hachemi Mokrane (Madrid: Cantarabia).
- FERNÁNDEZ, Áurea, Iolanda GALANES SANTOS, Ana LUNA ALONSO & Silvia MONTERO KÜPPER, eds., 2010. *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior* (Berna: Peter Lang).
- HONIG, Bonnie, 2001. *Democracy and the Foreigner* (Princeton & Oxford: Princeton University Press).
- LUNA ALONSO, Ana, 2012. 'Traducir en nombre propio. De la Academia a la plaza pública', en Fernández et al., 2010: 145-175.
- O'DONNELL, Mary & Manuela PALACIOS, eds., 2010. *To the Winds*

*Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry*, tradución de Nuala Ní Dhomhnaill, Anne Le Marquand Hartigan, Rita Kelly, Celia de Fréine, Mary O'Malley, Martin Nugent, Catherine Phil MacCarthy, Lorna Shaughnessy, Maurice Harmon, Caitríona O'Reilly, Máighréad Medbh, Paddy Bushe (Cliffs of Moher: Salmon Poetry).

PALACIOS GONZÁLEZ, Manuela, ed., 2003. *Pluriversos. Seis poetas irlandesas de hoje*, tradución de Manuela Palacios & Arturo Casas (Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións).

—, 2012. *Forked Tongues. Galician, Basque and Catalan Women's Poetry in Translations by Irish Writers*, tradución de Maurice Harmon, Lorna Shaughnessy, Anne Le Marquand Hartigan, Máighréad Medbh, Mary O'Donnell, Celia de Fréine, Catherine Phil MacCarthy, Susan Connolly, Paddy Bushe, Michael O'Loughlin, Paula Meehan, Keith Payne, Theo Dorgan.

—, 2014a. 'Translation in the Feminine: Theory, Commitment and (Good) Praxis', *Women's Studies International Forum* 42: 87-93.

—, 2014b. 'Cuestión de enfoque: Fotografía, muller e viaxe'. *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*, ed. Ana Acuña: 117-152 (Berlín: Frank & Timme).

—, 2014-2015. 'Foto-grafías: mulleres migrantes galegas e irlandesas', *Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies* Issue F: 5-23.

—, ed. 2016a. *Six Galician Poets*. Tradución de Keith Payne (Todmorden: Arc Publications).

—, 2016b. 'Stand Still: Photographs of Irish Migrating Women', en *Ex-sistere: Women's Mobility in Contemporary Irish, Welsh and Galician Literatures*, ed. M<sup>a</sup> Jesús Lorenzo-Modia: 154-188. (Newcastle: Cambridge Scholars Publishing).

—, ed., 2017. *Migrant Shores. Irish, Moroccan & Galician Poetry*, tradución de Paula Meehan, Máighréad Medbh, Susan Connolly, Hugh O'Donnell, Catherine Phil MacCarthy, Nourdinne Zouitni, Bard Group, Eiléan Ní Chuilleanáin, Lorna Shaughnessy, Maurice Harmon, Celia de Fréine, Keith Payne, Breda Wall Ryan, Mary O'Donnell. *Caligrafías de Hachemi Mokrane* (Cliffs of Moher: Salmon Poetry).

PATO, Chus & Erín MOURE, 2014. *Secession / Insecession*, tradución de Erín Moure (Toronto: BookThug).

PATO, Chus, 2009. *Secesión* (Vigo: Edicións Galaxia).

PICHEL, Luz, 2006. *Casa pechada* (Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán).

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, 2009. 'Políticas e poéticas de segunda man: a espectralidade no proceso de tradución', *Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies* Issue A: 56-67.



145 — Galicia 21  
Issue I '19

Migrant Shores: *en prol  
dunba ecoloxía da atención  
e da tradución*  
Manuela Palacios

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro & Manuela PALACIOS, 2015.  
'Mary O'Donnell: De Dublín a Compostela', *A trabe de ouro* 103: 443-457.

SIMON, Sherry, 1996. *Gender in Translation. Cultural Identity and the Politics of Transmission* (Londres & Nova York: Routledge).